

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo técnico I	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

O debuxo técnico é fundamental no desenvolvemento tecnolóxico e na creación de produtos. Proporciona ao alumnado unha ferramenta eficaz para comunicar ideas de forma gráfica e precisa. A materia de Debuxo Técnico desenvolve no alumnado a visión espacial, a creatividade e a capacidade de resolución de problemas, promovendo actitudes de respecto e empatía.

Na materia abórdanse os retos do século XXI e foméntase o compromiso cidadán, a confianza no coñecemento e o uso responsable da cultura dixital. Os obxectivos inclúen apreciar e analizar obras de arquitectura e enxeñaría, resolver problemas gráfico-matemáticos, desenvolver a visión espacial e traballar con programas de deseño asistido por ordenador (CAD).

Os programas CAD ofrecen vantaxes como unha maior precisión e creatividade, diversificando as técnicas de debuxo. Permiten mostrar representacións máis precisas de obxectos tridimensionais, o que non é posible con ferramentas convencionais como xiz ou compás.

No IES Isidro Parga Pondal, na materia Debuxo Técnico I contamos para este curso 2023-2024 cun grupo de alumnado, formado por oito estudantes.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.	1-2		4	1	40	1		1-2
OBX2 - Utilizar razoamentos indutivos, deductivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática, aplicando fundamentos da xeometría plana para resolver graficamente operacións matemáticas, relacións, construcións e transformacións.	2		1-2-4		11-50		2	
OBX3 - Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos, considerando a importancia do debuxo na arquitectura e nas enxeñarías, para resolver problemas e interpretar e recrear graficamente a realidade tridimensional sobre a superficie do plano.			1-2-4		11-50		2-3	
OBX4 - Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada e valorando a importancia que ten o esbozo para documentar graficamente proxectos arquitectónicos e de enxeñaría.	2		1-4	2	11-32-50		3	
OBX5 - Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal, apreciando o seu uso nas profesións actuais, para virtualizar obxectos e espazos en dúas dimensións e tres dimensións.			2-3-4	1-2-3			3	41-42

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Fundamentos xeométricos	Importancia do debuxo técnico. Resolución de problemas sobre o plano.	20	30	X		
2	Xeometría proxectiva I	Sistema Diédrico.	20	30		X	
3	Xeometría proxectiva II	Sistema axonométrico. Sistema de planos acotados. Sistema cónico.	20	30		X	X
4	Normalización e documentación gráfica de proxectos	Visualizar e comunicar a forma e as dimensións dos obxectos seguindo as normas UNE e ISO.	20	20			X
5	Sistemas CAD	Programas de deseño asistido por computador 2D e 3D	20	30	X	X	X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	Fundamentos xeométricos	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	PE	80
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.		
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.	Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades		
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, empregando o vocabulario específico técnico e artístico.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc.</li> <li>- Orixe da xeometría. Tales, Pitágoras, Euclides, Hipatia de Alexandría.</li> <li>- Concepto de lugar xeométrico. Arco capaz. Aplicacións dos lugares xeométricos ás construcións fundamentais da xeometría plana.</li> <li>- Proporcionalidade, equivalencia e semellanza.</li> <li>- Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Propiedades e métodos de construción específicos e xerais.</li> <li>- Tanxencias básicas. Curvas técnicas.</li> <li>- Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Xeometría proxectiva I	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia	Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición	PE	100
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fundamentos da xeometría proxectiva.</li> <li>- Sistema diédrico: representación de punto, recta e plano. Trazas con planos de proxección. Determinación do plano. Pertenzas.</li> <li>- Relacións entre elementos: interseccións, paralelismo e perpendicularidade. Obtención de distancias: punto a punto, punto a recta, recta a plano, plano a plano, dúas rectas paralelas e mínima distancia entre dúas rectas que se cruzan.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Xeometría proxectiva II	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.	Partindo das vistas, representar no espazo elementos e figuras planas empregando as perspectivas isométrica e cabaleira.	PE	75
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	Resolver correctamente problemas de intersección de rectas e planos no sistema de planos acotados. Resolver problemas de cubertas e tellados.		
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.	Debuxar corpos xeométricos empregando a perspectiva cónica central, a partir das vistas.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira. Disposición dos eixes e uso dos coeficientes de redución. Elementos básicos: punto, recta e plano.</li> <li>- Sistema de planos acotados. Fundamentos e elementos básicos: punto, recta e plano. Identificación de elementos para a súa interpretación en planos.</li> <li>- Sistema cónico: fundamentos e elementos do sistema. Perspectiva frontal e oblicua.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Normalización e documentación gráfica de proxectos	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana	PE	75
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.	Representar vistas de pezas de certa complexidade empregando o sistema europeo, a partir da súa axonometría. Acotalas, respectando as normas UNE e ISO.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Debuxar a manalzada bosquexos e esbozos de pezas de certa complexidade, tanto en axonometría como as súas vistas diédricas.		
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso.</li> <li>- Formatos. Dobradura de planos.</li> <li>- Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN. Aplicacións da normalización: simboloxía industrial e arquitectónica.</li> <li>- Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Sistemas CAD	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.		
CA4.2 - Recrear virtualmente pezas en tres dimensións aplicando operacións alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo.	Recrear virtualmente pezas en tres dimensións, empregando operacións como a unión, a resta e a intersección entre primitivas, para a presentación de proxectos en grupo.	PE	100
CA4.3 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	Utilizar o esbozo e o bosquexo como paso previo na representación dunha peza tridimensional en sistemas CAD.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicacións vectoriais 2D-3D.</li> <li>- Fundamentos de deseño de pezas en tres dimensións.</li> <li>- Modelaxe de caixa. Operacións básicas con primitivas.</li> <li>- Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O desenvolvemento das competencias específicas da materia Debuxo Técnico é fundamental en toda formación relacionada coas carreiras tecnolóxicas, xa que forma parte integrante de todas as ramas da enxeñaría, o deseño industrial e a arquitectura. Para tales disciplinas, esíxese que o alumnado posúa coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan comprender, interpretar e procesar información que, en forma gráfica, indique a posición, a forma e as dimensións de todo tipo de obxectos. Do mesmo xeito, debe ser capaz de realizar planos e deseños de acordo coas normas, estándares e convencións existentes.

Para conseguir o anterior, será necesario desenvolver unha metodoloxía eficaz para o ensino-aprendizaxe desta linguaxe gráfica, na que se vincule teoría e práctica, que non só permita unha mellor asimilación dos seus conceptos, senón que, sobre todo, contribúa a o desenvolvemento de habilidades como a visión espacial e a capacidade de abstracción do alumnado, integrando a conceptualización en procedementos gráficos de análise e representación. A metodoloxía adoptada tamén debe contribuír ao desenvolvemento transversal da comunicación interpersoal, ao desenvolvemento de actitudes como a autoestima, o autoconcepto e a autoconfianza, e a mobilizar procesos de aprendizaxe autónomos e hábitos de colaboración e traballo en equipo. Todo iso permitirá desenvolver competencias para a convivencia, a tolerancia e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Promoveranse actividades que faciliten a participación e implicación do alumnado. Así, o enfoque de situacións de aprendizaxe que mobilicen de xeito integrado coñecementos diferentes en situacións realistas próximas ao alumnado, pode levar a obter aprendizaxes máis transferibles e duradeiros.

En consonancia co anterior, para conseguir que o alumnado desenvolva o seu razoamento espacial e que a comprensión prevaleza sobre a memorización de conceptos e a resolución mecánica de exercicios e problemas xeométricos, formularanse situacións de aprendizaxe baseadas na acción e que sitúen ao alumnado como protagonista deste proceso. Así mesmo, estas metodoloxías axudarán a organizar o seu pensamento, favorecendo aspectos como a reflexión, a investigación e o pensamento crítico, mediante propostas nas que cada alumno asuma a responsabilidade da súa propia aprendizaxe, aplicando coñecementos e habilidades a proxectos próximos e realistas. Todo isto, co obxectivo de favorecer unha aprendizaxe autónoma, mediante a experimentación e o descubrimento, que fomente o espírito emprendedor e a iniciativa persoal, onde o profesorado desempeña un papel relevante como guía, impulsor e facilitador do desenvolvemento competencial de todo o alumnado. Paralelamente, a creación dun clima positivo e de participación facilita que o alumnado teña unha maior motivación intrínseca, a súa xestión autónoma e, en definitiva, a mellora do seu proceso de aprendizaxe.

Fomentarase o uso de ferramentas dixitais por parte do alumnado. O uso destas ferramentas responde aos avances tecnolóxicos e modifica as expectativas laborais e educativas. Estas ferramentas melloran a visión espacial, motivan, desenvolven a abstracción e facilitan a análise de obxectos tridimensionais. Fomentan a colaboración e o desenvolvemento de habilidades sociais. A combinación de ferramentas tradicionais e programas de deseño amplía a comunicación e a resolución de problemas. Ademais, o profesorado debe promover as competencias dixitais para o acceso e uso responsable da información e a aprendizaxe continua.

Non obstante, aínda que as ferramentas dixitais aportan numerosas vantaxes no proceso de aprendizaxe da materia Debuxo Técnico, non se poden menospreciar as habilidades que o debuxo a man alzada proporciona ao alumnado, xa que poden ser moi importantes e necesarias na súa posterior formación e vida laboral.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula específica de debuxo
Computadora, pantalla e proxección de aula
Curso na aula virtual do centro educativo
Aula de informática do centro



Na Aula de informática do centro o alumnado accederá ao emprego de aplicacións de Deseño Asistido por ordenador (CAD). Procurarase facelo durante todo o curso cunha periodicidade semanal.

Na aula virtual o alumnado atopará:

- Acceso a toda a información de interese da materia: programación, currículo, datas relevantes (exames, etc.).
- Acceso aos apontamentos, as prácticas e outros materiais imprimibles para o seguemento da materia.
- O medio de entregar as prácticas obrigatorias.
- A canle de comunicación directa co docente.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase unha avaliación inicial que consistirá en:

- Unha proba escrita para valorar o grao de coñecementos e desenvolvemento do alumnado no referente a manexo das ferramentas de debuxo e construcións fundamentais de xeometría plana, sistemas de representación (capacidade para, mediante esbozo, xerar e interpretar volumes sinxelos mediante vistas ortogonais e perspectivas axonométricas).
- Unha enquisa na que se analizará o interese do alumnado pola materia e as súas expectativas.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	100	75	75	100	<b>86</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	0	25	25	0	<b>14</b>

#### Criterios de cualificación:

##### AVALIACIÓNS PARCIAIS

En cada unha das avaliacións trimestrais, a cualificación do alumnado obterase a partir dos instrumentos de avaliación e respectivas ponderacións que se indican a continuación:

Instrumento de avaliación (% Ponderación)

- Prácticas de aula: proxectos, exercicios, resoltos en papel ou CAD (30%)
- Probas-exame trimestrais (70%)

Para a cualificación destes instrumentos, o referente serán os Criterios de Avaliación especificados para as diferentes Unidades Didácticas.

##### AVALIACIÓN FINAL

A cualificación final obterase da media aritmética das notas medias das tres avaliacións parciais (tomarase o valor destas con dúas cifras decimais, non a cifra redondeada do boletín).

#### Criterios de recuperación:

1 - Das avaliacións.

No caso de non ter superada a materia pola cualificación da proba escrita, farase unha nova proba escrita de recuperación.

Tamén se poderán re-entregar prácticas non realizadas ou ben con defectos dentro do prazo que se estableza. Manteñense as mesmas porcentaxes de ponderación indicadas nos criterios de cualificación.

2 - Recuperación de toda a materia na convocatoria ordinaria.

Ao final do terceiro trimestre, no caso de non ter superada a materia, farase unha proba escrita global de toda a materia que suporá o 100% da cualificación da convocatoria ordinaria.

#### CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

De no ter superada a materia na convocatoria ordinaria, o alumnado deberá facer unha proba escrita sobre os contidos de todo o curso que suporá o 100% da nota da convocatoria extraordinaria.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnado de segundo curso de bacharelato con esta materia de primeiro pendente.

### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

## 6. Medidas de atención á diversidade

Nesta programación pártese da idea de que a aula é un conxunto de diversidades e do principio de individualización do ensino. Polo tanto, temos que identificar e adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades.

Tendo en conta isto, e recoñecendo que nunha aula pode haber multitude de circunstancias dispares, temos que ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as particularidades das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto do alumnado e para nós como profesionais da educación.

Esta materia é especialmente integradora, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada resposta a cada actividade proposta. As unidades didácticas referidas ó debuxo técnico poderían ser máis complexas, dependendo das necesidades de cada alumno, polo que é na parte que máis debemos incidir para adaptar os instrumentos metodolóxicos e de avaliación.

Cada curso, como docentes das materias do Departamento de Artes Plásticas, podemos afrontar o reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas

particularidades. Tamén atoparemos alumnado procedente do extranxeiro, recentemente incorporado ao noso sistema educativo, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais diversas, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o profesorado e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros/os.

A detección das necesidades do alumnado pode darse en calquera momento do curso académico (incluso en calquera momento do desenvolvemento da vida académica) e por iso é importante facer avaliacións iniciais detalladas que aporten información do alumnado no arranque do curso escolar.

Na materia de Debuxo Técnico I é importante considerar medidas de diversidade para garantir que todo o alumnado teña a oportunidade de aprender e desenvolverse de forma eficaz. Estas son algunhas medidas que se poden implementar na materia:

1. **\*\*Adaptación de contidos\*\***: Proporcionar materiais e actividades que se adaptan a diferentes niveis de habilidade e experiencia. Ofrecer variantes de problemas e proxectos que permitan ao alumnado traballar ao seu ritmo e nivel.
2. **\*\*Apoio individualizado\*\***: identificar o alumnado que poida necesitar apoio adicional ou teña necesidades educativas especiais e ofrecer asistencia individualizada. Isto pode incluír tempo extra en tarefas ou probas, ou proporcionar explicacións adicionais cando sexa necesario.
3. **\*\*Uso da tecnoloxía e dos recursos multimedia\*\***: Utilizar ferramentas dixitais e recursos multimedia que poidan facilitar a aprendizaxe do alumnado con diferentes estilos de aprendizaxe. Isto incluírá titoriais en liña, vídeos explicativos e software de deseño asistido por ordenador.
4. **\*\*Aprendizaxe colaborativa\*\***: Fomentar o traballo en equipo e a colaboración entre o alumnado. Isto pode axudar a aqueles que poden beneficiarse do apoio dos seus compañeiros/as e á súa vez contribuír á aprendizaxe dos demais.

5. **\*\*Diversificación das ferramentas de avaliación\*\***: Ofrecer diferentes tipos de ferramentas de avaliación para dar cabida ás diversas habilidades e fortalezas do alumnado. Isto pode incluír proxectos, presentacións, exames escritos e avaliacións prácticas.
  6. **\*\*Comunicación aberta\*\***: Manter unha comunicación constante co alumnado e cos seus pais, nais ou titores. escoitar as súas preocupacións e necesidades e adaptar os métodos de ensino en consecuencia.
  7. **\*\*Flexibilidade na presentación dos traballos\*\***: Permitir que o alumnado expoña o seu traballo de diferentes formas.
  8. **\*\*Promoción da autonomía\*\***: Axudar ao alumnado a desenvolver habilidades de autoaprendizaxe e autonomía. Isto inclúe ensinarlles a atopar recursos e resolver problemas por si mesmos.
  9. **\*\*Formación en habilidades dixitais\*\***: dado que o debuxo técnico a miúdo implica ferramentas dixitais, asegurarse de que todo o alumnado teña acceso e unha formación adecuada no uso do software de debuxo asistido por ordenador (CAD) ou outras tecnoloxías relevantes.
  10. **\*\*Sensibilidade cultural e de xénero\*\***: Ser consciente das diferenzas culturais e de xénero na aula e crear un ambiente inclusivo onde todos e todas se sintan valorados e respectados.
- Estas medidas de atención á diversidade poden axudar a crear un ambiente de aprendizaxe máis inclusivo e eficaz na materia de Debuxo Técnico de Bacharelato, permitindo que cada alumno/a alcance o seu máximo potencial.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en feiras de ciencia e tecnoloxía	Animar ao alumnado a presentar proxectos relacionados co Debuxo Técnico en feiras locais ou rexionais de ciencia e tecnoloxía.	X	X	
Visitas a obras de arquitectura e enxeñaría da comarca	Organizar excursións a edificios, pontes ou estruturas locais para que o alumnado poida ver na práctica os conceptos que están aprendendo na clase.		X	X
Concursos de deseño	Animar aos estudantes a participar en concursos de deseño a nivel local ou nacional, onde poidan poñer a proba as súas habilidades e recibir comentarios de expertos.	X	X	

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a temporalización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo

Metodoloxía empregada
Preparo as clases e os materiais didácticos de forma clara e coherente
Presento ao alumnado exemplos con resultados semellantes ao que se espera dos seus traballos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Desenvolvo actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novidosos
Medidas de atención á diversidade
Planifico as situacións de aprendizaxe tendo en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe
Clima de traballo na aula
Formulo situacións de aprendizaxe motivadoras e cercanas aos intereses do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifico a materia tendo en conta ao resto de profesorado do grupo
Colaboro co departamento de orientación e co equipo docente na detección de dificultades de aprendizaxe do alumnado

#### **Descrición:**

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente é unha fase da avaliación que permite a cada docente comprobar se o proceso educativo funciona correctamente, se está dando os resultados esperados ou se hai aspectos que se poden ou se deben mellorar. Este procedemento refírese a como cada docente desenvolve a programación didáctica no día a día, a como transmite as aprendizaxes e a súa relación co alumnado, profesorado e familias.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación de DT1 realizarase ao comezo do curso académico. Para a súa realización terase en conta:

- Os cambios ou axustes normativos que puideran terse producido con aplicación no novo curso.
- As anotacións e propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados e faranse constar nas actas das reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro, entre outros, poden consistir en:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.
- Diario de aula.

### **9. Outros apartados**